

1. NO ARRABALDO

Ás sete en punto da mañá, dous rapaces de dezasete anos, Xanciño Neto, fillo dun *atalieyro* da Moureira, e Xacinto Rui, fillo dun dos *vigairos* da Confraría do Corpo Santo da Moureira, petaban na porta do convento de San Domingos de Pontevedra.

—Bos días rapaces, Ave María Purísima, correde que frei Alonso xa vos está a esperar.

—Bos días Irmán, e sen pecado concibida.

E correron os dous mozos polo claustro ata unha dependencia atestada de mesas e banquetas onde esperaba frei Alonso abrigado coa súa negra capa.

Corría o ano do Noso Señor de 1476.

Xanciño Neto, fillo de Xan e Francisca, vivía na Ribeira das Corbaceiras nunha casa fronte ao mar, enriba dun peirao, como todas, coa súa familia, familia que tiña por alcume “os Capitáns”. Todo o mundo tiña o seu alcume no Arrabaldo.

Tivera a sorte de que o seu pai era *atalieyro* dun dos seis cercos reais que había e dono dun cope e dun trincado, o barco pesqueiro de meirande porte, manexado por vinte e cinco mariñeiros. É por estas razóns polo que en vez de empezar a traballar no mar aos trece anos como paxe ata logo de ter cumpridos os dezasete e logo como grumete ata ter cumpridos os vinte, Xanciño foi enviado polo seu pai á escola que había no convento de San Domingos, escola que levaba bastante máis dun ano baleira pois os rapaces permanecían pechados intra muros na vila de Pontevedra. Tan só os dous mociños da Moureira continuaban a asistir ás clases do vello e bondadoso frei Alonso.

Era Xanciño un rapaz louro, alto, espigado e moi esperto, que falaba normalmente galego agás cando rezaba que o facía en latín ou cando se dirixía a persoas importantes que o facía en castelán.

Estaba xa moi próximo o día vinte e catro de agosto, día de san Bartolomeu e sobre todo o día dezaseis, día de san Roque, no que había festa na Moureira e empezábase coa pesca da sardiña.

Pero había xa meses que todo o Arrabaldo non paraba cos preparativos da futura pesca desa sardiña branca que tanto se prestaba á salgadura das moiras e tanto saín producía.

—¡A ver, Xanciño Neto!, ¿Sabes cantos cántaros ten un moio?

—Dezaseis cántaros, frei Alonso, ou dezaseis arrobas

—¡¡Moi ben!! ¿E cantos azumes ten un cántaro?

—Oito azumes, frei Alonso

—¿E unha botella cantos cuartillos ten?

—Un cuartillo e medio

—¿E un cuartillo, cantas copas?

—Catro copas

—¿E como se chama a medida dunha copa?

—Chámase un cuarteirón

—Este ano, Xanciño, no que rematas os teus estudos penso que o teu pai, Xan Neto, atalieyro da Moureira, vai quedar satisfeito comigo e mais contigo... E as moedas dos nosos católicos reis que Deus garde, ¿sábelas?

—Si, frei Alonso.

As voces fortes dos soldados armados entraban pola ventá aberta daquel caloroso día de finais de agosto de 1476 e o piafar dos cabalos de guerra sobre o xabre endurecido de diante da Bastida da cerca pontevedresa.

Levaba xa preto de dous anos o exército dos Reis Católicos intentando tomar a praza inutilmente. Os partidarios da media sobriña da raíña Isabel, dona Xoana, tiñan ata o momento as de gañar.

Ían dar as doce do mediodía, a hora de saír desta escola do convento de San Domingos, na que Xacinto, o fillo

dun dos dous vigairos da Confraría do Corpo Santo e mais Xanciño eran os únicos habitantes do Arrabaldo que asistían ás aulas, os únicos da Moureira. Pagábanlle os seus pais ó vello frade Alonso tres excelentes de ouro ao ano cada un.

—A máis cativa é a branca de cobre
 Dúas brancas fan un marabedí de vellón
 Trinta e catro marabedís fan un real de prata
 Dezasete marabedís valen medio real
 Hai moedas de dous, catro e oito reais de prata
 Dezaseis reais de prata fan un ducado ou excelente de ouro

Hai ducados de a dous, de a catro, de a dez e de a vinte
 Continúase a usar o medio dobrón de ouro, que ten un valor de trescentos setenta e cinco marabedís ou once reais e un marabedí.

—¡¡Moi ben Xanciño!! ¡¡Hora de saír!!

E como sempre facían á saída da clase subiron os dous mozos á torre norte da igrexa do convento. Dende arriba contemplábase enteiramente o lado sur das murallas da vila pontevedresa.

As hostilidades eran continuas. Dende fóra do foxo os soldados ás ordes do arcebispo compostelán lanzaban frechas ás ameas. A resposta da muralla era con disparos de espingardas.

A vila de Pontevedra, enteiramente amurallada, fora novamente atacada e cercada.

Non había moitos anos que rematara a última ampliación da muralla debido á concesión polo rei Henrique IV no ano 1467 da Feira de San Bartolomeu, feira franca de todo tipo de impostos na que tan sequera se pagaban as alcabalas, imposto sobre o valor dos obxectos de transacción. Duraba a Feira de San Bartolomeu un mes, quince días antes e quince días despois do día dese santo.

Pasou que no ano 1474 o rei Henrique IV morreu e empezou unha guerra no reino de Castela entre dona Isabel, irmá do rei, e dona Xoana, a Excelente Señora, filla ilexítima de Henrique IV e esposa do rei de Portugal.

D. Pedro Álvarez de Soutomaior, conde de Camiña, amigo e compañeiro de armas do rei de Portugal, era partidario de dona Xoana a Beltranexa, gran guerreiro e estratega que se apoderou de Tui, Baiona, Redondela e de case todo o sur de Galicia.

En 1475, na igrexa do convento de San Domingos de Pontevedra, nunha cerimonia feita con toda a pompa imaxinable, D. Pedro Álvarez de Soutomaior proclama raíña de Castela a dona Xoana de Trastámara, a Beltranexa, a Excelente Señora.

A resposta dos Reis Católicos foi inmediata co envío de forzas armadas. Pero as de Pedro Madruga ou Pedro Álvarez de Soutomaior, reforzadas con moitas tropas portuguesas, fixéronse fortes dentro das murallas da vila. As tropas dos Reis Católicos estaban comandadas polo arcebispo de Santiago Alonso de Fonseca, polo Corrixidor Maior de Galicia Frei Arias del Río, e polo conde de Monterrei.

Neste ano do Noso Señor de 1476 no que estamos, ao lado de tanta violencia, barbarie e morte, un pequeno pero puxante barrio vivía alleo a todas estas liortas, o barrio pescador da Moureira, a Moureira de Abaixo, xa que a outra Moureira, a dos peiraos de mercancías, víase moi afectada pola guerra. A actividade da Moureira pescadora era frenética fóra das murallas.

A saída dos mozos do convento foi silandeira ao ter que pasar polo medio das tropas e das tendas decoradas con bandeiras e escudos de armas de múltiples cores, por entre cabalos e material de guerra.

Foi Xanciño correndo en canto puido, deixando atrás os soldados, batendo cos seus zocos de madeira fortemente o

chan ata a súa casa da Moureira na Ribeira das Corbaceiras logo de pasar polo Campo das Rodas lugar despexado e cheo neses momentos de xente traballando sen descanso nunha morea de actividades diversas. O pai de Xan, Xan Neto como el, a súa nai, Francisca Prego, e os seus dous irmáns Pedro e Álvaro, alí estaban ocupados. A familia dos “Capitáns”.

—Deixeiche o almorzo enriba da mesa da cociña.

Díxolle dona Francisca ao pasar correndo Xanciño.

E así foi, tiña preparados un anaco de queixo e outro de pan de avea e a pota de caldo sempre quenteño na lareira.

A casa de Xan compúñase, como todas as outras da Moureira, dun semi soto que daba fronte ó mar e un andar coa porta de acceso pola rúa traseira a un nivel superior ao do soto. Casas construídas aproveitando o suave desnivel cara ao mar que todo o Arrabaldo tiña, tanto na Moureira de Arriba como na Moureira de Abaixo, cos seus casaríos da Ribeira dos Peiraos e da Ribeira das Corbaceiras.

Muros exteriores de sillería de granito e estrutura horizontal de piso e sobrado, feita con grandes trabes transversais de madeira de carballo, e entaboado para os pisos, o teito, e divisións de tabiques de madeira de piñeiro. As ventás e portas, todas pintadas de cor verde ou vermella, con pintura feita co saín da sardiña e colorantes engadidos.

E, a tripa chea co caldo e co queixo, foi Xanciño correndo e roendo o seu corrosco de pan ata o Campo das Rodas que por certo naquel momento carecía delas xa que tiña todo o espazo ocupado por unha enorme cantidade de betas de pesca. Estábase a preparar o gran cerco real, pois agora, a finais de agosto, en setembro, outubro, novembro e decembro, é cando a sardiña está en comida, ten máis carne e máis saín.

Pero coa preparación do cerco real levaban xa preto de dous meses.

Non se puidera facer a notificación do cerco á Xustiza do Concello de Pontevedra, formada polo xuíz e os dous alcaldes. Houbo que facerlle a notificación directamente ao señor arcebispo de Santiago de Compostela, D. Alonso de Fonseca, quen ocupado no cerco e toma da vila, vivía provisionalmente no convento de Santa Clara, situado extra muros no Camiño de Castela.

Houbera tamén que dar conta ao almirante da pequena frota ancorada na ría, diante das torres arcebispaís, o excellentísimo señor Ladrón de Guevara, conde de Oñate.

Sentíase nos movementos das tropas que se preparaba un segundo grande asalto ás murallas pontevedresas defendidas sobre todo por tropas portuguesas armadas con espingardas, armamento do que carecían as tropas que cercaban a vila.

A manobra máis custosa para preparar o cerco foi sen dúbida a reparación e o encascado das redes.

O encascado facíase sempre fervendo as redes con auga e zumaque á que se engadía ramas de mimosa e bugallos de ciprés, todo moi rico en taninos. Logo había que poñer a secar as redes, tarefa nada doada, pois medían en conxunto máis de tres quilómetros.

O fío para construír e reparar as redes facíase na Moureira, no Campo das Rodas, ao xeito tradicional fiando o liño dándolle voltas coas rodas, mentres o axudante tiraba do fío ata a lonxitude requirida.

O fío para o cope era o dobre de groso que o das redes das bandas e o dobre de tupido, media polgada para os ocos do cope e unha polgada para as bandas.

Todo complicábase co estado de guerra da vila. Houbo que facer cos socios do cerco unha nova escritura de constitución por tres anos como sempre se facía. Ocupouse deste labor o escribán do cerco, terceira autoridade despois dos dous *atalieyros*. O escribán era o encargado de repartir

os beneficios axustando os quiñóns de acordo coa lonxitude da rede achegada por cada socio e o número de persoas que traballaban.

Os socios non podían contribuír nin con máis de tres quiñóns nin con menos de medio quiñón para que as contas fosen redondas. Cada quiñón medía, de media, trinta brazas, é dicir, sobre cincuenta metros de lonxitude. O cope, que era propiedade dos *atalieyros*, medía cento cincuenta brazas e o total da rede tiña unha profundidade de vinte e catro brazas. As bandas medían entre mil e mil seiscentas brazas.

Os *atalieyros* proporcionaban dous trincados, os barcos de maior porte que existían, un para transportar a rede e o outro para traer a sardiña e aportaban tamén panos de quiñón de rede e mais o cope. Tiñan os trincados preto de cincuenta cóbados de quilla e entre cincocentos e oitocentos quintais de porte, normalmente con vinte e cinco tripulantes.

Por fin cosíanse simetricamente todos os quiñóns con relingas na parte superior e inferior e cosidos no senso da altura e procedíase ao encortizado.

Cortizas máis mestas no cope que nas bandas, bandas nas que se ataban no seu extremo as betas de tiro, chamadas coiras, tan longas coma o mesmo cerco, ao redor de mil cincocentas brazas por cada lado.

Todo este complicado labor era o que se estaba a facer no Campo das Rodas cando chegou Xanciño Neto coa súa mellor vontade.

Chamouno o pai.

—Xanciño, vai ver nos nosos estaleiros da Moureira de Abaixo se xa remataron co calafateado das quince embarcacións para ir todos fregar os cascós.

Alá foi Xan ao pequeno estaleiro situado na praia que había xusto fronte a Porto Santo, en Poio, e utilizado tan

só para calafatear e reparar as pequenas embarcacións de pesca. Os grandes estaleiros onde se construían carabelas e navíos estaban na Moureira de Arriba.

Estaban os calafates rematando o seu traballo de encher as xuntas das táboas dos cascos cunha mestura de brea con saín e estopa de cânabo. Obtiñan os calafates a brea destilando madeira de piñeiro.

—Mañá podedes vir fregar os cascos.

Rematábanse as embarcacións, para que escorregasen mellor e evitar concrecións de algas e moluscos, cunha mestura de xabron negro, sebo e xofre.

E volveu Xan darlle a boa nova ao seu pai.

Era tradición no barrio pesqueiro pontevedrés non pescar co cerco real ata despois da festa de san Roque que estaba xa ao caer.

—Ben Xanciño, agora podes ir dar unha volta ata a hora da cea e despois teño que falar contigo.

E marchou Xanciño bordeando a ría ata a rúa Xan Guillerme na Moureira de Arriba por ver se atopaba ao seu amigo de xogos Xacob Dinís, que vivía nunha das grandes casas con soportal desa rúa. Atopouno sentado no banco de pedra da súa casa.

—Hoxe saíches tarde de clase, Xanciño.

—Non, xa sabes que agora teño que botar unha man para preparar o cerco real do meu pai. E ti, ¿remataches a túa clase?

—Hoxe o meu mestre non me deu clase, encerráronse no despacho do meu pai e levan dúas horas a falar. Viña preocupado con novas de Ribadavia, fálase que os nosos reis queren formar alxamas pero aquí en Pontevedra non sei se nos afectará pois somos tan só nove familias, pero ao parecer aínda non hai nada decidido.

—Pois eu estou contento... Para san Roque remato os meus estudos. O meu pai di que teño que traballar.

—¿E aprendiches moitas cousas Xanciño?

—Aprendín o *Pater Noster*, o *Credo in Unum Deum* e a *Salve Regina*.

—¡Que palabras máis raras...!

—Son oracións en latín, e tamén aprendín as contas, e a ler, e un pouco a escribir en castelán. ¿E ti que aprendiches?

—Eu aprendín o *Amidá*, o *Kadish*, o *Aleinu*, o *Halel* e o *Baruj Sheamar*.

—¡¡Esas si que son palabras raras!!

—Sonche na lingua hebraica, que estou a aprender co meu mestre para poder ler o *Talmud*, a *Torá* e o *Midrash*, e poder usar o libro de oracións, o *Sidur Tefilá*.

—¿E de que falan eses libros?

—A *Torá* fala da Creación do Mundo, de Adán e Eva, e de Moisés e os Dez Mandamentos. Os outros non sei...

—Iso tamén mo ensinou frei Alonso, os Dez Mandamentos da Lei de Deus, que debemos cumprir todos os bos cristiáns. ¿Teremos logo o mesmo Deus os dous, os xudeus e os cristiáns?

—Non sei... O noso Deus non ten nome. Nós chamámoslle *Elobenu*, noso Deus, ou *Adonai*, Señor.

—Mañá voulle preguntar a frei Alonso se temos o mesmo Deus ti e mais eu. Xa se fai tarde, pero mañá virei máis cedo a ver se lle podemos dar unha volta ás murallas. Pero antes teño que saudar o teu pai.

E entraron os dous rapaces no escritorio do Adon Pedro Dinís, situado na planta baixa da súa casa, vello, pelo cano, con anteollos redondos e afanado nunha morea de papeis.

Mirounos e levantando con lentitude a mirada ao teito pronunciou, unha vez máis, as palabras que sempre dicía:

—*¡Baruj Atá, Adonai, Elobenu, Mélej Haolám!*, que en cristián viña dicir: Bendito es Ti, Señor, Noso Deus, Rei do Mundo.

—Boas tardes Adon Dinís, xa marcho para casa que se fai tarde.

—Anda con coidado Xanciño, pois hai demasiada violencia nas rúas, e cando chegues ao Arrabaldo saúda da miña parte aos teus pais.

E os dous rapaces despedíronse, o do Arrabaldo, louro, alto e delgado, o xudeu moreno, pelo rizo e pequenote, pero os dous vestidos do mesmo xeito: zocos de madeira como calzado, onde meteran palla para ter os pés máis quentes; calzas pardas de la, atadas cunha cinta na cintura; por debaixo, bragas tamén atadas que tiñan unha peza triangular dianteira que se ataba independentemente. Camisa larga de liño para o sefardí, camisa larga de cánabo para o rapaz do Arrabaldo. O seu pai dicía que o cánabo era máis quente que o liño, máis doce e mellor para os mariñeiros.

As camisas tiñan cordóns para atar no peito e nos pulsos.

Por enriba levaban os rapaces agora no verán un xibón de la lixeira. Os domingos e días de festa púñanse encima unha túnica curta ou un saio e uns borceguíns curtos de pel de boi como calzado. O sefardí, máis rico, tiña sandalias de pel de cabrito.

—Ata mañá, Xacob.

—Ata mañá, Xanciño.

E volveu Xanciño á súa casa seguindo a ribeira do mar para escapar da soldadesca.

Estaba xa sentada toda a familia ao redor da mesa de madeira de piñeiro da cociña.

—Chegas un pouco tarde Xanciño. Ven comigo -dixo o pai.

E saíron os dous Xan Neto, pai e fillo, á rúa para falar. Xanciño intimidado non sabía o que ía pasar.

—Saíches á túa nai, Xanciño. Es louro e de ollos claros, como ela. Frei Alonso está moi contento contigo, di que

es intelixente, que sabes todas as oracións, que es un bo cristián, que sabes ben as contas, ler e escribir un pouco. A túa instrución rematou, agora tócalle ao teu irmán Pedro, e ti tes xa idade para ser grumete durante dous anos, o que os pescadores chamamos mancebos. Formarás parte pois como mancebo do cerco real que imos lanzar, e cobrarás a parte do quiñón que che corresponda. O teu traballo será coller o peixe con salabardo ou ganapán do cope e encher con el o trincado o máis axiña que se poida. ¿Estás contento?

—Moito meu pai.

—Xa temos outro home na familia, dentro de dous anos serás mariñeiro, pero mañá rexistrareiche como mancebo no libro de rexistro da Confraría do Corpo Santo para que teñas todos os teus dereitos recoñecidos.

E mentres o sol retirábase detrás do monte Castrove tinguindo de color rosa as calmas augas da ría de Pontevedra, ceou a familia Neto cos corazóns de todos eles cheos de orgullo.

Francisca, a nai de Xanciño, púxolle nun prato de cerámica un bo cacho de empanada de fariña triga de sardiñas con alcaparras que sobrara do domingo pasado. O xantar preferido de Xan.

—Ven Xanciño -dixo o pai unha vez rematado o xantar-, imos comprobar os toneis da salgadura que nos trouxeron de Noia.

Os toneleiros pontevedreses estaban todos establecidos intra muros, todos na rúa chamada da Tonelería. Houbera que encargarse os envases a Noia, localidade mariñeira que tamén salgaba sardiña con privilexio real.

A planta baixa da casa, dunha soa peza e teito alto, á que se accedía por un gran portalón central, estaba abarrotada de envases de madeira.

Había o chamado tonel, preparado para conter cincuenta e sete ducias de pescada seca.

A pescada, a raia e o congro non se salgaban, baleirábanse e secábanse ao sol, colgados de longas cordas.

Estaba cheo o local dos envases máis grandes que se facían para o salgado da sardiña, envases colocados os uns sobre os outros ata o teito, a bota, que podía levar entre sete e catorce milleiros de sardiña salgada. Había tamén medias botas, de entre tres e sete milleiros de sardiñas.

Noutras casas había as chamadas roldanas, que tiñan a mesma capacidade que as botas, e as medias roldanas. Máis pequenas eran a pipa –entre oito e once millares–, e o fuste e o carretel, xa máis pequenos para o consumo familiar.

Non eran baratos estes envases. Os máis grandes, as botas, custaban oito marabedís de vellón, a súa construción non era demasiado coidada. Unha pipa de viño, ben construída, baleira e co selo municipal, valía vinte e catro marabedís de vellón.

O peixe seco envasábase en labores de cestería: as banastras, os cofiños, os costais, cestóns e fardeis.

—Fixéronnos bo prezo os de Noia -. Comentou o pai.

E foron durmir coa conciencia de ter para mañá outro día de duro traballo. Os pais no seu cuarto, que daba fronte ao mar, con balcón, os catro fillos na alcoba intermedia, que se ventilaba pola ventá do corredor.

—Xa son grumete -pensaba Xanciño a quen lle custaba conciliar o sono—pero a min o que me gustaría é ser capitán dunha carabela como o meu tío Xaquín e o meu avó. Capitán dunha desas enormes carabelas como as que constrúen no estaleiro de Moureira de Arriba, e viaxar aos portos de Francia, a Flandres e a Londres, como tantos mariñeiros da Moureira o fan.

Pero o rumor doce do mar puido cos soños de Xanciño.

E o lamento do morrer das ondas ao chegar mansamente ao peirao estrelándose con mil reflexos, acompañou o seu soño, o soño dos mariñeiros...